

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CÁSTING, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES A FAVOR DOS ECOSISTEMAS ACUÁTICOS E A RIQUEZA PISCÍCOLA EN GALICIA PARA O ANO 2025**

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da administración autonómica, que, en virtude do establecido no *Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático*, ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres e a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen, entre outras, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

Esta competencia está recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia no seu Estatuto de Autonomía (Art.27.30,30,1.3 e 33.1) aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, e que lle foron transferidas en virtude dos *Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983 do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza*, mediante





os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de Agricultura, Pesca e Conservación da Natureza.

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sustentable dos recursos piscícolas nas augas continentais.

## ANTECEDENTES

A a Federación Galega de Pesca e Cásting (en adiante, FGPC) foi constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, actualmente regulada pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, e a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e cumpre todos os requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiaria.

De acordo co establecido nos seus estatutos (aprobados mediante asemblea xeral extraordinaria do 03/02/2013), a FGPC é a única entidade competente, dentro da Comunidade autónoma de Galicia, para promover, regulamentar, organizar, xestionar, cualificar e controlar as competicións deportivas de pesca nas augas continentais e costeiras nas súas diversas especialidades, en todas as súas modalidades e representa, na Comunidade autónoma de Galicia, á Federación Española de Pesca e Cásting na que se integra gozando do carácter de utilidade pública e baixo a tutela da Administración deportiva, de conformidade coa *Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia* e coa *Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación* e comportará os efectos establecidos nas mesmas exercerá en réxime de exclusividade, entre outras funcións públicas delegadas, a promoción e a divulgación do deporte da caza en tódalas súas facetas, e a orientación dos deportistas á práctica do deporte





da caza, mediante os oportunos cursos de iniciación, formación e perfeccionamento.

Así mesmo, a Federación é a representante da Comunidade autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fóra do territorio español.

A FGPC ven colaborando e participando activamente, mediante a instrumentalización de distintos convenios subscritos, cara a conservación, o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións pescables, incluíndo a adopción de medidas de protección e mellora, levando a cabo unha serie de actuacións que permitan a aproximación do pescador ao ámbito relacionado coa práctica da pesca, para que o seu desfrute estea en concordancia co equilibrio entre produción e extracción xa que a pesca deportiva e a pesca recreativa poden afectar á riqueza pesqueira das masas de auga, cun balance de resultados positivos que motivan, na converxencia de intereses e dentro dun marco de colaboración, a necesidade da celebración deste convenio.

## **FINALIDADE**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación Galega de Pesca e Casting o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025.





É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Federación Galega de Pesca e Casting para a organización e celebración de competicións deportivas oficiais de pesca continental, actuacións de formación e a posta en marcha de “escolas de río” da nova Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, na Comunidade autónoma de Galicia que se recollen no anexo ao convenio.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de pesca fluvial e lacustre. Con base nesta competencia, promulgouse a Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, que ten como obxecto regular, protexer e fomentar o dereito ao exercicio da pesca continental das especies pescables relacionadas no seu anexo II.

De conformidade co disposto no *Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático*, compéttelle á esta consellería o desenvolvemento e a aplicación da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.

Na necesidade de ordenar a actividade da pesca continental e de dimensionala de xeito adecuado para posibilitar a súa xestión, plantexan a necesidade de acadar uns obxectivos para orientar a ordenación legal da pesca, avogándose por actuacións de promoción e divulgación do exercicio dunha pesca máis responsable, máis sustentable e máis ética.





Por todo o anterior, a Consellería pretende acordar a realización de actuacións concretas de promoción e divulgación como medida de fomento da actividade da pesca fluvial.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático aportará dentro do exercicio 2024, unha contía de trinta mil euros (30.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 06.04.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

6.- Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da *Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público*, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as *Directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, réxime xurídico do sector público*.

Asinado dixitalmente

A directora xeral de Patrimonio Natural

Marisol Díaz Mouteira

